



# O IRMÁN MAIOR



Iago, un neno de dez anos, sabía que había algo moi raro en Alex, seu irmán maior. Cando cría que ninguén o miraba, facía unha cousa estraña cos ollos; poñíalos para arriba, ocultando as pupilas, parecía un cego cos ollos en branco. E aquel ruído que lle saía do máis profundo da gorxa, que non parecía humano, poñíalle os pelos de punta. Ademais, iso só o facía de noite e cando estaban todos durmidos. Todos menos Iago, que coa orella pegada á parede que separa as dúas habitacións, escoitaba o grunido morto de terror, por iso non durmía e un día a súa nai díxolle:

- Chamáronme do colexio, Iago. Seica a titora di que te dormes na clase -dixo mentres preparaba a merenda

-Que pasa, fillo? Non dormes ben?

- Bah! Se só me durmín dúas veces, mamá.

- Dúas veces son moitas veces -Alex, coma sempre, burlábase del- O bebé dórmese na clase porque é demasiado pequeno para entender o que din.

E así era sempre. Pero houbo unha noite moito peor:

- Iaaaaagoooo, non volverás durmirte na claseeeee!... Se o fas, metereime na túa cabeza e farei que estoupeeeee! -a voz de Alex, grave e profunda, como se lle saíse da tripa, escoitábase, ou iso parecía, dentro da habitación- Estouparache e desparramaránseche os miolosos por toda a clase.

Iago, coa cabeza meti-

da debaixo do edredón, intentaba por tódolos medios non escoitar esa voz, esa horrible voz que o arrepiaba de terror. O seu irmán era un monstro e ninguén na casa o sabía.

- Iaaaago... Fas moi ben en terme medo, porque eu son teu irmán, o monstro. Cando chegue a lúa chea, presentareime ante ti na miña forma de bicho inundo e alimentareime da carne do teu cu.

Apertaba os ollos de tal maneira, que Iago ata vía luciñas e coas orellas tapadas pola almofada, pasou a peor e máis longa noite da súa vida pensando que só quedaba unha semana ou así para a lúa chea.

Ao día seguinte, no patio:

- Que che pasa nos ollos? Telos todos colorados, meu.- preguntaba Róber, un amigo, cheo de curiosidade

- Xamais vin uns ollos tan colorados. Pareces Drácula. Teño un montón de "pelis" del.

- Teus pais déixanche ver esas "pelis"? A min non. Din que son morbosas.

- Se son a repera! Non sabes o que perdes.

- Tes "pelis" de bichos babosos?

- Un "mogollón" delas, meu. Cando queiras vés á miña casa e vémolos, vale?

Iago vai á casa de Róber e despois de velas xa o sabe todo. Sabe que a lúa chea fai saír o peor de cada un, coma os homes-lobo, os mutantes ou os zombies...

Ten que facer algo, pero non pode escapar, nin usar



# UNHA NOITE LONGA

unha cruz ou un allo. Que se pode facer?

Esa noite é outra noite cruel, seus pais saíron. Outra vez igual, Alex empeza a falarlle a Iago:

- Criatura estúpida, treme de medo. A noite na que irei a comerche o cu achégase. Iago está todo tapado na cama cando, de súpeto, ocorreselle a solución para o seu espantoso futuro.

Cando os seus pais chegan, a policía está alí. O inspector dilles:

- O seu fillo chamounos. Parece ser que se espertou polo ruído das ventás.

Alex estaba inmóbil na cama, se cadra en coma, cun golpe atroz na cabeza.

- O ladrón debeu entrar pola ventá e golpear ao rapaz mentres durmía. Despois, fuxiu sen levar nada, seguramente ao escoitaren ao seu outro fillo.

Á policía non lle estrañou que o intruso utilizara aquel paquete para golpear ao rapaz. Era moi pesado. Mentres falaban co seu pai, a súa nai, catatónica, abría o paquete abolido para abrazar o boneco macizo de madeira que lle regalaran a Alex por ser o mellor no seu curso de ventriloquia.

UXÍA PARRDO LÓPEZ, S 2 A



Era unha tarde de inverno, pero facía bo tempo e decidimos saír da casa uns amigos e eu. Puxémonos a pensar que iamos facer e decidimos ir unha miga explorar novos montes onde poder ir cazar. Atravesamos o monte do Fervedoiro, cruza-

mos os prados da Regada e adentrámonos no Trouso, un lugar hostil. Non nos afastabamos moito do río, que era o noso referente para volver. Por un descoido, collemos un camiño equivocado, e cando nos demos conta, xa non sabiamos onde estaba o río. Eran as cinco e media e comezaba a escurecer. Empezamos a poñernos nerviosos e fixemos unha pausa na que decidimos pasar a noite no monte, xa que os móbiles non tiñan cobertura para chamar. Consequimos unhas castañas que se conservaban nunha ouriceira, tamén colocamos un lazo no que caeu un coello. A sorte foi traer un par de chisqueiros e as navallas.

Asamos as castañas e preparamos o coello en pequenos anacos e puxémolos nuns espetos a carón do lume. Ás dez, de novo estivemos matinando onde durmir. Decidimos durmir nas árbores porque aquel lugar estaba poboado de carballos e castiñeiros. Cada un colleu a que quixo. Durmimos un pouco, pero de súpeto espertamos, algo andaba abaixo no chan, era áxil e silencioso, só se vían vultos negros. Cada un colleu o seu caxato ou a navalla, menos Lois, que lle prendeu lume a unha mada de fieitos que lle facían de cama e arrebolóullela aos vultos. Durante uns segundos viuse a cara dos lobos, eran tres grandes e fortes lobos. Estiveron alí toda a noite esperando, e cos primeiros raios do sol fóronse. Puxémonos a andar, e despois dunha hora, chegamos a Alverde, un sitio moi coñecido por nós e encamiñámonos cara as nosas casas.

Dende ese día, non marchamos da casa sen nada nas mans.

MANUEL FERNÁNDEZ PAMPÍN, S3B